

# **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO PÚBLICO DE RECEPCIÓN DE RESIDUOS DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN**

## **ARTIGO 1.—FEITO IMPOÑIBLE**

Constituirá feito impoñible das tarifas reguladas nesta Ordenanza, o seguinte servicio:

A Recepción de Residuos procedentes da construcción e demolición de obras tendo en conta as seguintes consideracións:

A) So serán admisibles no vertedoiro os residuos non perigosos resultado de demolición ou escombros de obra.

B) Teñen o carácter de residuos non permitidos, aqueles que, polas súas características físicas, químicas e/ou biolóxicas, aínda procedendo de actividades sinaladas na presente ordenanza, non cumplan coa definición de residuo inerte establecida na lexislación vixente.

Os efectos da presente Ordenanza quedan definidos como Residuos Inertes admisibles, os seguintes materiais:

1.—Terras, pedras, ou outros materiais que se orixinan na excavación do solo.

2.—Materiais e sustancias orixinados nas obras de construcción, demolición ou instalacións e calquera clase de residuo resultante das devanditas obras.

3.—Todo material asimilable ós anteriores.

4.—Escombros, terras e restos de construcción e de obras menores de reparación domiciliaria.

## **ARTIGO 2.**

A) Toda concesión de licencia de obras de construcción, reformas, vaciados ou demolicións, deberá indicar:

-As características dos escombros que se van a xerar, no caso que se produzan.

-A cantidade estimada.

-O punto de verquido previsto polos produtores ou poseedores dos escombros, sexa dentro do municipio ou fóra.

B) O lugar será proposto polo solicitante da licencia e o Concello, por razóns de interese público poderá sinalalo lugar de verquido dentro do propio término municipal, tendo en conta que, baixo ningún concepto se permitirá o verquido de aqueles residuos sólidos inertes que pola súa composición poidan ocasionar prexuízo a seguridade ou salubridade públicas, así como á flora e a fauna.

## **ARTIGO 3.—OBRIGADOS Ó PAGAMENTO.**

Son suxeitos pasivos, obrigados ó pagamento destas taxas:

A) No caso dos verquidos de obra, as persoas físicas ou xurídicas que os depositen no Depósito existente.

B) Para o caso de seren utilizados servicios da mesma natureza, quen resulte beneficiado

pola súa prestación.

#### **ARTIGO 4.—PROCESO PRELIMINAR DE ADMISIÓN E RECEPCIÓN DO RESIDUO.**

##### **4.1.—Proceso Preliminar**

O obxectivo do proceso preliminar a recepción dun residuo será indentificar, ó produtor do mesmo, así como ó propio residuo que se vai depositar. A finalidade é obter información de cara a:

- 1) A Aceptación ou non aceptación do material no vertedoiro.
- 2) Deixar constancia documental da relación que se establece entre a empresa encargada da explotación do vertedoiro e a empresa produtora do residuo.

Con tal motivo, elaborárase un documento de "Solicitud para admisión dos residuos", no que como mínimo se informará:

- 1.—Datos do produtor ou poseedor dos residuos.
- 2.—Características do residuo que se pretende depositar, incidindo nos seguintes datos:

- a) Proceso produtor.
- b) Caracterización físico-química.
- e) Cantidade estimada.
- d) Periodicidade estimada de envío.

4.2. *Transporte e Recepción* O transporte dos residuos ata o vertedoiro correrá a cargo do produtor ou poseedor dos mesmos. A Recepción pola empresa encargada da explotación consistirá:

- 1.—Identificación dos residuos á entrada do vehículo nas instalacións.
- 2.—Inspección visual dos mesmos e comunicación da aceptación ou, das irregularidades.
- 3.—Pesaxe do vehículo en carga.
- 4.—Descarga segundo indicacións da empresa.
- 5.—Pesaxe do vehículo baleiro.
- 6.—Elaboración de documento xustificativo que recolla todo o proceso.

#### **ARTIGO 5.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.**

Non se admitirán outras exencións e bonificacións nestas taxas cás establecidas en normas de rango legal ou en tratados internacionais.

#### **ARTIGO 6.—TARIFAS.**

As tarifas quedan establecidas baixo a denominación xenérica de Canon de Verquido, o cal está constituído por a Taxa de Explotación e a Taxa de Inversión. Para a cobranza do devandito Canon establececese o seguinte cadro para o ano de entrada en vigor da ordenanza:

**CANON DE VERQUIDO**

<b>ANO</b>	<b>Taxa de Explotación</b>	<b>Taxa de inversión</b>	<b>Total</b>
1	6,29 €/Tn	0,50 €/Tn	6,79 €/Tn
2	6,29 €/Tn	0,99 €/Tn	7,28 €/Tn
3	6,29 €/Tn	1,50 €/Tri	7,79 €/Tn
4	6,29 €/Tn	2,00 €/Tn	8,29 €/Tn
5 e seguintes	6,29 €/Tn	2,50 €/Tn	8,79 €/Tn

A taxa de Explotación actualizarase anualmente co IPC, repercutindo no Canon de Verquido.

Os prezos de Canon de Verquido, tanto a taxa de explotación como a taxa de inversión non inclúen I.V.E.

#### **ARTIGO 7.—DEVENGO E INGRESO**

As persoas físicas ou xurídicas interesadas na prestación de algún dos servizos definidos na presente Ordenanza, deberán, con carácter previo o verquido, cumprimentar nas oficinas da Empresa Encargada os impresos creados ó efecto para efectuar a liquidación correspondente.

As tarifas reguladas na presente Ordenanza devengaranse no momento en que por parte da Empresa Encargada da explotación se proceda ó depósito dos verquidos, unha vez que se cumpla proceso de aceptación e recepción contemplado no artigo 4º desta ordenanza.

#### **ARTIGO 8.—INFRACCIÓNNS E SANCIÓNNS**

En todo ó relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, atenderase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e ás normas que a desenvolven.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno na sesión celebrada o día 17/10/2002 e entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente polo Concello e publicado o seu texto no Boletín Oficial da Provincia, transcurrido o prazo de quince días a que se refieren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, permanecendo vixente en tanto no se acorde a súa modificación ou derogación.

Silleda, a 23 de decembro de 2002.—O Alcalde-Presidente, José Fernández Viéitez.